



BOP

MÉRCORES, 13 DE SETEMBRO DE 2023 N.º 211

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto “Línea Colectora Ludrio Eixo Norte: 132 Kv Parque Eólico Pastoriza-Rodeiro-Subestación De Interconexión Ludrio 132/400 Kv.” (Exp.: IN407A 2017/4-0). Empresa Beneficiaria: Naturgy Renovables, SLU

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Línea Colectora Ludrio Eixo Norte: 132 Kv Parque Eólico Pastoriza-Rodeiro- Subestación de Interconexión Ludrio 132/400 Kv.			
CONCELLO	DÍA	HORA	PREDIO
Castro de Rei	14/11/2023	09:30	22H,63,95,109
		10:30	113,116,128
		11:30	139,173,190,204
		12:30	211,213,240,241
		13:30	246,250,Alicia nº 5.917 (dereito mineiro)
	15/11/2023	09:30	156,165,166,167,168,170,171
		10:00	19,33,35,42,51,55,60,76,195,205
A Pastoriza	15/11/2023	12:00	24,35,64
		13:00	22

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advírteselles que os pagamentos realizaránse nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 1 de setembro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2851

CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “SERRA DO FARO VII” DE CHANTADA E CARBALLEDO.

Primeiro.- Beneficiarios: Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, as cales desempeñan actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro Dual de

Emprego de Carballedo e Chantada, no que se impartiu a formación necesaria para obter os seguintes certificados de Profesionalidade: FOCBO109 – Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción, de Nivel 1; AGAO0208 – Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes, e SSCS0208 - Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, ambos de Nivel 2, que contraten traballadores/as por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Carballedo e Chantada.

Segundo.- Obxecto: Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VII, financiados a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Bases reguladoras: as bases completas e os modelos de solicitude están publicados na páxina web do Concello de Chantada, <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Anuncios.

Cuarto.- Contía: Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 euros, por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes: sete días naturais (7) contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Chantada, 6 de setembro de 2023.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2852

LOURENZÁ

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Presuposto desta Corporación correspondente ao exercicio do 2022 e informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta Entidade por espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, con fin de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo e os oito días seguintes, de conformidade co disposto no artigo 212 do R. D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 116 da Lei 7/85 de 2 de abril e 460.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril e Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Lourenzá, 8 de Setembro do 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2882

LUGO

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito - crédito extraordinario núm. 1/2023 do vixente orzamento xeral, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público, do acordo inicial de aprobación da mesma, acordo núm. 3/81 adoptado na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2023, publicado no BOP nº 182 do 9 de agosto de 2023.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos despois da modificación aprobada é o seguinte:

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA SC-CE 1-2023		CRÉDITOS TOTAIS DESPOIS DA MODIFICACIÓN	
		Altas	Baixas por anulación		
OPERACIÓNS CORRENTES					
1	Gastos de Persoal	35.275.882,43	100.000,00	-221.000,00	35.154.882,43

2	Gastos en bens correntes e servizos	64.203.828,59	1.159.130,22		65.362.958,81
3	Gastos financeiros	146.271,31			146.271,31
4	Transferencias correntes	7.547.315,58	0,00		7.547.315,58
5	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	400.000,00	0,00	-400.000,00	0,00
Total operacións correntes		107.573.297,91			108.211.428,13
OPERACIÓNS DE CAPITAL					
6	Investimentos reais	30.470.691,90	1.851.980,36	-2.382.512,23	29.940.160,03
7	Transferencias de capital	2.131.696,29			2.131.696,29
Total operacións de capital		32.602.388,19			32.071.856,32
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
8	Activos financeiros	100.000,00			100.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00			0,00
Total operacións financeiras		100.000,00			100.000,00
TOTAL GASTOS	ORZAMENTO DE	140.275.686,10	3.111.110,58	-3.003.512,23	140.383.284,45

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA SC-CE 1-2023	PREVISIÓNS TOTAIS DESPOIS DA MODIFICACIÓN
OPERACIÓNS CORRENTES				
1	Impostos directos	38.033.450,00		38.033.450,00
2	Impostos indirectos	4.892.900,00		4.892.900,00
3	Taxas e outros ingresos	27.326.499,83		27.326.499,83
4	Transferencias correntes	34.314.339,79		34.314.339,79
5	Ingresos patrimoniais	748.450,00		748.450,00
Total operacións correntes		105.315.639,62		105.315.639,62

OPERACIÓNS DE CAPITAL				
6	Alleamento investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	2.432.889,66		2.432.889,66
Total operacións de capital		2.432.889,66		2.432.889,66
OPERACIÓNS FINANCEIRAS				
8	Activos financeiros	11.545.546,33	107.598,35	11.653.144,68
9	Pasivos financeiros	1.065.723,02		1.065.723,02
Total operacións financeiras		12.611.269,35		12.718.867,70
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		120.359.798,63	107.598,35	120.467.396,98

Lugo, 5 de setembro de 2023.- a EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

R. 2853

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria 05.07.2023 aprobou provisionalmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do **IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCCIÓNS E OBRAS**.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan elevados a definitivos o acordo de modificación, e procédese a súa publicación.

ARTIGO 7º.- BONIFICACIONES

“b) As porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de nova implantación de actividades empresariais no polígono industrial de Monforte de Lemos, e na Zoa do Porto Seco. Igualmente gozarán desta bonificación aquelas actividades empresariais que, polas súas propias características, non podan ser desenvolvidas en ditas zonas pero que reunan o resto dos requisitos esixidos sempre que así sexa acordado polo Pleno da Corporación.”

As anteriores modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Contra este acordo, de aprobación definitiva das modificacións da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo poderase interponer recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 05 setembro 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023.- A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2854

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **1/09/2023**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **AGOSTO** e 2023, polo importe total de **3998,11€**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 1 de Septiembre de 2023.- O Alcalde- Presidente, Jose Luis López López.

R. 2855

QUIROGA

Anuncio

Logo de aprobar por resolución de Alcaldía de data 06/09/2023 as bases e a convocatoria para cubrir un posto de psicólogo/a do CIM en réxime de funcionario interino por programa no Concello de Quiroga, mediante sistema de concurso-oposición, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 10 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA:

Por resolución de Alcaldía de data 06.09.2023 aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para o nomeamento de un/ha psicólogo/a do CIM para o Concello de Quiroga, mediante sistema de concurso-oposición.

As bases íntegras da presente convocatoria fican publicadas na sede electrónica do Concello de Quiroga.

O prazo de presentación das solicitudes será de dez días naturais a contar desde o día seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello: www.concellodequiroga.com, e no taboleiro de anuncios do Concello.

Contra as presentes bases, que pon fin a vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste concello de Quiroga de conformidade cos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quiroga ,6 de setembro de 2023.- O Alcalde, José Luis Rivera Castro.

R. 2856

RIBADEO

Anuncio

CONTA XERAL EXERCICIO 2022

Formada e rendida a Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio orzamentario de 2022 co contido a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as regras 44 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 5 de setembro de 2023, expónse ao público, cos documentos que a xustifican, na Intervención desta Entidade, por período de quince días hábiles, contados a partires do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito os reparos, reclamacións ou observacións que estimen pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido nos artigos 116 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 212.3 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Ribadeo, 6 de setembro de 2023.- ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ.

R. 2857

VIVEIRO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS Nº 36/2023

O acordo inicial adoptado polo Pleno do Concello de Viveiro, en sesión extraordinaria urxente celebrada o 14 de agosto de 2023, de aprobación do expediente de modificación de crédito número 36/2023 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, o que se publica aos efectos do artigo 169, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, 5 marzo:

Aplicacións que se modifican:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

	Aplicacións orzamentarias	Importe
9120.100	Retribucións básicas e outras remuneracións dos órganos de goberno	13.178,57
9120.16000	Seguridade social	4.612,50
	TOTAL	17.791,07

FINANCIAMENTO:

<u>Concepto Ingresos</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
290.00	Imposto sobre construción, instalación e obras	17.791,07
	TOTAL	17.791,07

Resumo por capítulos:

Estado de GASTOS			
Capítulo	Consignación actual	Modificacións	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	6.426.621,86	50.499,70	6.477.121,56
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	5.561.504,77	148.758,81	5.710.263,58
III. GTOS. FINANCEIROS	62.226,00		62.226,00
IV. TRANS.CORRENTES	125.968,23	29.927,05	155.895,28
V. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	12.110,75		12.110,75
VI. INVESTIMENTOS REAIS	37.055,50	1.133.813,61	1.170.869,11
VII. TRANS.CAPITAL	0,00	190.458,91	190.458,91
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	35.000,00		35.000,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	869.995,74		869.995,74
TOTAL	13.130.482,85	1.553.458,08	14.683.940,93

Estado de INGRESOS			
Capítulo	Previsión actual	Modificacións	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	4.957.760,19		4.957.760,19
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	84.217,00	17.791,07	102.008,07
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	2.403.128,19		2.403.128,19
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.577.433,19	238.308,82	5.815.742,01
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	54.170,28		54.170,28
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	18.774,00		18.174,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	875.744,47	875.744,47
8. ACTIVOS FINANCEIROS	35.000,00	421.613,72	456.613,72
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00		0,00
TOTAL	13.130.482,85	1.553.458,08	14.683.940,93

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo dela, a teor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Viveiro, 8 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2878

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA CONTRATOS TEMPORALES POR CUENTA AJENA DE LAS PERSONAS PARTICIPANTES EN EL TALLER DUAL DE EMPLEO "RESTAURACIÓN Y ARCHIVO DIGITAL MONFORTE"

BDNS (Identif.): 715537

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/715537>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán ser beneficiarias de las subvenciones reguladas en las presentes bases las las personas empleadoras y las empresas, cualquiera que sea la forma jurídica que adopten, incluidas las personas autónomas, las sociedades civiles y las comunidades de bienes, incluso si carecen de personalidad jurídica, cuya actividad esté directamente relacionada con la formación impartida en los talleres duales de empleo, y que contraten trabajadoras o trabajadores por cuenta ajena para prestar servicios en centros de trabajo radicados en el ámbito territorial de los talleres duales de empleo

Segundo. Objeto

Será objeto de subvención facilitar la empleabilidad y ocupabilidad de las personas participantes en el taller dual de empleo "Restauración y Archivo Digital Monforte", financiado a través de la convocatoria 2022 de ayudas y subvenciones a Talleres Duales de Empleo, por la Dirección General de Orientación y Promoción Laboral, perteneciente a la Consejería de Promoción del Empleo e Igualdad de la Xunta de Galicia

Tercero. Bases reguladoras.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIONES. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

Cuarto. Cuantía.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 3.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto durante 30 días naturales

MONFORTE DE LEMOS.- 6 DE SEPTIEMBRE DE 2023, EL ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 2860

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) FOLGOSO DO COUREL*Anuncio***BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) DO CPI POETA UXÍO NOVONEYRA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL**

BDNS (Identif.): 715757

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/715757>)

1.- OBXECTO E FINALIDADE. GASTO SUBVENCIONABLE.

O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar do alumnado matriculado en Educación Infantil (2º ciclo) no CPI Poeta Uxío Novoneyra do Concello de Folgoso do Courel en réxime de concorrencia non competitiva, de acordó co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

Considéranse gastos subvencionables os derivados da adquisición de libros de texto e material escolar do alumnado matriculado en Educación Infantil (2º ciclo) no CPI Poeta Uxío Novoneyra.

2.- BENEFICIARIOS.

Os beneficiarios serán os alumnos/as matriculados/as en Educación Infantil (2º ciclo) no CPI Poeta Uxío Novoneyra do Concello de Folgoso do Courel.

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as do alumnado sempre e cando se reúnan os seguintes requisitos:

Que todos os membros da unidade familiar estean empadroadas e teñan residencia efectiva no Concello de Folgoso do Courel. Na unidade familiar enténdense incluídos os pais/nais ou titores/a do/a alumno/a, de sé-lo caso, e os irmáns/irmás non emancipados/as, salvo existencia de sentenza ou convenio regulador onde conste a custodia do/a alumno/a.

Que os fillos/as ou tutorizados/as se encontren cursando estudos de Educación Infantil de 3 a 5 anos no CPI Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2023-2024.

Que ningún membro da unidade familiar sexa debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social

Que ningún membro da unidade familiar teña pendente de xustificación algunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.

Que ningún membro da unidade familiar estea incurso/a nalgunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos artigos 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas co Concello de Folgoso do Courel:

Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación.

Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras.

Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións.

Comunicar ao Concello de Folgoso do Courel calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas serán como máximo de 100 euros por cada fillo/a que estea cursando estudos de Educación Infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos no CPI Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2023-2024.

O importe máximo a subvencionar será de 1.100,00 €, importe a consignar na aplicación orzamentaria 326.48 do orzamento municipal para o 2023.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO.

As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de novembro de 2023.

4.2. LUGAR.

Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel.

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR.

As solicitudes achegaranse mediante modelo normalizado suscrito pola persoa interesada (pai/nai/titor legal). A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade

Fotocopia do libro de familia, e, no seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/a alumno/a, de sé-lo caso.

Certificado expedido polo CPI Poeta Uxío Novoneyra, acreditativo de que a persoa solicitante cursa estudos no mesmo.

Declaración responsable onde se manifeste que tódolos membros da unidade familiar se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello, e que ningún deles se encontra incurso en ningunha das prohibicións para contratar.

Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.

Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, na cal deberá figurar como titular algún dos representantes legais do/a menor debidamente certificada pola entidade bancaria.

Facturas xustificativas onde figure como concepto o detalle da compra dos libros e/ou material escolar que se vaia utilizar polos menores durante o curso escolar 2023/2024.

Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

5.- PUBLICIDADE.

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDEMENTO.

O órgano competente para a concesión das axudas será a ALCALDÍA, previo informe da INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da Resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses,

a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2023, e publicaranse na sede electrónica do Concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da Resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tra-la súa xustificación por medio da presentación da documentación prevista no apartado 4.3 das presentes bases reguladoras.

Folgo do Courel, 7 de setembro de 2023.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2861

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS (ANO 2023)

BDNS (Identif.): 715764

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/715764>)

1.- OBXECTO E FINALIDADE. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Folgo do Courel para a colaboración do Concello nas celebracións das festas parroquiais ao abeiro do artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local: promoción da cultura.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A presentes bases teñen por obxecto regular o establecemento de axudas económicas para a celebración das festas parroquiais en réxime de concorrencia non competitiva de acordó co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Serán actividades subvencionables ó abeiro das presentes Bases aqueles gastos derivados da realización de actividades e programas relacionados coas festividades locais levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2023, non sendo subvencionables gastos de comidas.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

2.- BENEFICIARIOS.

Os beneficiarios das axudas serán as asociacións, comisións e organizadores das festas populares que se celebren en calquera parroquia ou lugar do municipio de Folgo do Courel, sempre que quede debidamente acreditado que contan coa debida representación da organización da festa na parroquia ou lugar en cuestión.

A tal efecto, a solicitude de subvención poderá instarse ben polo representante das asociacións debidamente constituídas ou ben polo representante da comisión ou agrupación de veciños da parroquia ou lugar na que se celebrara a festa.

As festas populares deberán contar coas autorizacións necesarias para a súa celebración.

Para ostentar a condición de beneficiario, as asociacións, comisións e organizadores das festas populares que representen a unha agrupación de veciños deberán reunir os seguintes requisitos:

Non ser debedor do Concello por calquera tipo de débeda de dereito público.

Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Administración estatal, autonómica e coa Seguridade Social.

Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios terán as seguintes obrigas co Concello de Folgo do Courel:

Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención destinarase exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.

Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, tanta información lles sexa requirida.

Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

O importe de cada subvención non poderá superar os 100,00 € por festa e os 500,00 € no caso das celebradas nos dous núcleos de maior entidade: Folgoso do Courel e Seoane do Courel.

O importe máximo a subvencionar será de 2.000,00 €, importe a consignar na aplicación 338.48 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

No caso de que o número de solicitudes sexa superior o importe establecido como máximo, reducirase proporcionalmente.

4. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

4.1 PRAZO.

As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de novembro de 2023.

4.2. LUGAR.

RexistroXeral do Concello de Folgoso do Courel.

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR.

Solicitude, segundo modelos normalizados que se facilitarán polo Concello, asinado por persoa física ou representante da entidade organizadora da festa.

Fotocopia do CIF no caso de persoas xurídicas e do NIF no caso de persoas físicas. No caso de que se trate dunha agrupación de persoas ou comisión de festas, tódolos membros que se encargaran da organización da festa deberán subscribir unha declaración onde se indique o nome de cada un deles, así como tamén o do representante da comisión ou organización. Así mesmo, deberase achegar copia dos documentos de identidade de cada un dos organizadores da festa.

Memoria explicativa da actividade realizada, con especificación da data, lugar de realización, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos que no seu caso sexan concedidos.

Declaración responsable da entidade solicitante na que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.

Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica e Local, nin á Seguridade Social.

Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria.

Facturas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa. As facturas deberán estar seladas e asinadas debendo constar o recibo do pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario.

Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será a ALCALDESA, previo informe da INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2023, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tra-la súa xustificación por medio da presentación da documentación anteriormente relacionada.

Folgo do Courel, 7 de setembro de 2023.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2862

Anuncio

Axudas para adquisición de material escolar de alumnado de Educación Primaria e Secundaria do CPI Uxío Novoneyra do Concello de Folgo do Courel

BDNS (Identif.): 715776

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/715776>)

1.- OBXECTO E FINALIDADE. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE.

O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de material escolar do alumnado matriculado en Educación Primaria e de Educación Secundaria no CPI Poeta Uxío Novoneyra do Concello de Folgo do Courel en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

Considéranse gastos subvencionables os derivados da adquisición de material escolar do alumnado matriculado en Educación Primaria e Educación Secundaria no CPI Poeta Uxío Novoneyra do Concello de Folgo do Courel.

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Os beneficiarios serán os alumnos/as matriculados/as en Educación Primaria e Educación Secundaria do CPI Poeta Uxío Novoneyra do Concello de Folgo do Courel.

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

Que todos os membros da unidade familiar estean empadroadas e teñan residencia efectiva no Concello de Folgo do Courel. Na unidade familiar enténdense incluídos os pais/nais do/a alumno/a, e os irmáns/irmás non emancipados/as, salvo existencia de sentenza ou convenio regulador onde conste a custodia do/a alumno/a.

Que os fillos/as ou tutorizados/as se encontren cursando estudos de Educación Primaria ou Secundaria no CPI Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2023-2024.

Que ningún membro da unidade familiar sexa debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social

Que ningún membro da unidade familiar teña pendente de xustificación algunha subvención outorgada polo Concello de Folgo do Courel.

Que ningún membro da unidade familiar estea incurso/a nalgunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos artigos 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas co Concello de Folgo do Courel:

Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación

Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras

Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións

Comunicar ao Concello de Folgo do Courel calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas serán como máximo de 50 euros por cada fillo/a que estea cursando estudos de Educación Primaria ou Secundaria no CPI Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2023-2024.

O importe máximo a subvencionar será de 1.100,00 €, importe a consignar na aplicación orzamentaria 326.48 do orzamento municipal para o 2023.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO.

As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de novembro de 2023.

4.2. LUGAR.

Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel.

4.3. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR.

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito polapersona interesada (pai/nai/titor legal). A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade

Fotocopia do libro de familia, e, no seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/a alumno/a, de se-lo caso.

Certificado expedido polo CPI Poeta Uxío Novoneyra, acreditativo de que a persoa solicitante cursa estudos no mesmo.

Declaración responsable onde se manifeste que tódolos membros da unidade familiar se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello, e que ningún deles se encontra incurso en ningunha das prohibicións para contratar.

Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.

Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, na cal deberá figurar como titular algún dos representantes legais do/a menor, debidamente certificada pola entidade bancaria.

Facturas xustificativas onde figure como concepto o detalle da compra do material escolar que se vaia utilizar polos alumnos durante o curso escolar 2023/2024.

Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será a ALCALDÍA, previo informe da INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da Resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2023, e publicaranse na sede electrónica do Concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da Resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tra-la súa xustificación por medio da presentación da documentación prevista no apartado 4.3 das presentes bases reguladoras.

Folgoso do Courel, 7 de setembro de 2023.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

Anuncio

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDANTES DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL

BDNS (Identif.): 715781

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/715781>)

1.- OBXECTO E FINALIDADE. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE.

Estas bases teñen por obxecto regular axudas económicas que contribúan a sufragar os gastos de desprazamento cos que ten que correr o alumnado que, estando empadroadado no Concello de Folgoso do Courel, estude fora do termo municipal Bacharelato, Formación Profesional ou Formación Universitaria, durante o curso 2023.

As axudas concederanse en réxime de concorrencia non competitiva, de acordó co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considéranse gastos subvencionables os derivados dos desprazamentos que se tiveran que realizar polos beneficiarios dende a súa residencia, que necesariamente deberá estar situada no municipio de Folgoso do Courel, ata o municipio no que se atope o centro de ensinanza no que desenvolvan os seus estudos de Bacharelato, Formación Profesional ou Formación Universitaria.

2.- BENEFICIARIOS

É beneficiario o/a alumno/a que, estando empadroadado no municipio de Folgoso do Courel, estude fora do termo municipal algunha das seguintes titulacións, que deberán estar en todo caso sostidas con fondos públicos, durante o curso 2023 sempre e cando se cumpran as condicións que se establecen neste apartado 2: Bacharelato, Formación Profesional ou Formación Universitaria.

As axudas poderán ser solicitadas por algún representante legal do alumnado que estime poda resultar beneficiario, ou polos/as propios/as alumnos/as, se son maiores de idade, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

Que todos os membros da unidade familiar estean empadroadas e teñan residencia efectiva no Concello de Folgoso do Courel. Na unidade familiar enténdense incluídos os pais/nais do/a alumno/a, e os irmáns/irmás non emancipados/as, salvo existencia de sentenza ou convenio regulador onde conste a custodia do/a alumno/a.

Que o/a alumno/a teña entre 16 e 30 anos de idade cumpridos no ano en curso.

Que o/a alumno/a non teña ingresos propios.

Que o/a alumno/a curse estudos de Bacharelato, Formación Profesional ou Universitaria sostidos con fondos públicos durante o curso 2023.

Tódolos membros da unidade familiar deberán atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios coa Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Folgoso do Courel.

Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.

Non estar incurso ningún membro da unidade familiar nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍAS DAS AXUDAS

As axudas serán como máximo de 330 euros por cada solicitante.

O importe máximo a subvencionar será de 2.700,00 €, importe a consignar na aplicación orzamentaria 326.48 do orzamento municipal para o 2023.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO.

As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de novembro de 2023.

4.2. LUGAR.

Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel.

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR.

As solicitudes achegaranse mediante modelo normalizado subscrito pola persoa interesada ou polo seu representante legal. A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

Fotocopia do DNI de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade.

Fotocopia do Libro de Familia.

Certificado padronal onde conste que tódolos membros da unidade familiar residen no municipio de Folgoso do Courel.

Copia da matrícula do curso 2023.

Declaración responsable onde conste que o/a alumno/a non ten ingresos propios.

Declaración responsable asinada polo solicitante da axuda na cal se manifeste que tódolos membros da unidade familiar se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, e que ningún deles se encontra incurso en ningunha das prohibicións para contratar.

Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.

Datos bancarios da conta na que, no seu caso, se transferirá o importe da subvención, na cal deberá figurar como titular algún dos representantes legais do/a beneficiario/a ou o propio beneficiario/a da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria.

Xustificación documental do gasto realizado para dar cobertura, durante o ano 2023, aos custos por desprazamentos realizados dende o municipio de Folgoso do Courel ata o municipio no que se encontre o centro de estudos correspondente en cada caso. A tal efecto, consideraranse admisibles: facturas de medios de transporte públicos ou privados nas que se recolla expresamente a orixe e o destino e o importe sufragado. No caso de emprego de vehículo privado, deberase achegar unha declaración responsable asinada, ben polo alumno, se fora maior de idade, ben polo representante legal, en caso contrario, na cal se manifeste expresamente, baixo a súa responsabilidade:

O número exacto de viaxes realizados dende o municipio de orixe ata o municipio no que se encontre o centro de ensinanza no que o alumno estea cursando estudos, co detalle dos quilómetros realizados en cada un deles; e

A declaración expresa polo asinante de que eses viaxes realizáronse coa finalidade de transportar ao alumno ao municipio no que se encontre o centro de estudos.

Para a cuantificación económica da quilometraxe terase en conta o disposto na Orde HFP/793/2023, do 12 de xullo, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, que aplica o importe de 0,26 € por quilómetro.

Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será a ALCALDÍA, previo informe da INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da Resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e en todo caso antes do 31 de decembro de 2023, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tra-la súa xustificación por medio da presentación da documentación prevista no apartado 4.3 das presentes bases reguladoras.

Folgozo do Courel, 7 de setembro de 2023.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2864

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/40432

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Eire Ledo SC

Nombre del río o corriente: río Comezo

Caudal solicitado: 2 l/s

Punto de emplazamiento: Sitiós, parroquia de Santa Uxía de Asma (Santa Uxía)

Término Municipal y Provincia: Chantada (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en el río Comezo, con un tractor cisterna con bebedero automático que rota por las parcelas de pastoreo.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Chantada, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 1 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2858

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/39835

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Cecilia Fernández Pallares

Nombre de la captación: Manantial

Caudal solicitado: 0,03 l/s

Punto de emplazamiento: O Pousadoiro, parroquia de Fión (San Lourenzo)

Término Municipal y Provincia: O Saviñao (Lugo)

Destino: Usos domésticos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza mediante una zanja de 2 m en cuyo extremo se coloca una arqueta de 50x50x50 cm, desde este punto se conducen las aguas a la vivienda a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de O Saviñao, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 1 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2859
